



Relación definitiva de admitidos e excluídos á convocatoria de probas selectivas para o ingreso na escala técnica de grao medio, subescalas do subgrupo A2, da Universidade da Coruña, polo sistema de promoción interna.

Rematado o prazo de reclamacións á relación provisional de persoas aspirantes admitidas e excluídas para participar no proceso selectivo para o ingreso nas distintas escalas de funcionarios da Universidade da Coruña, polo sistema de promoción interna, convocado por Resolución do 27 de agosto de 2019 (DOG do 9 de setembro), esta Xerencia, en aplicación do previsto na convocatoria resolve aprobar a relación definitiva de persoas aspirantes admitidas e excluídas no anexo que se acompaña.

De acordo co previsto na resolución antes mencionada, convócanse ás persoas aspirantes para a realización do segundo exercicio da fase de oposición que terá lugar o día **19 de novembro de 2021, ás 9.30 horas na Sala do Consello de Goberno, 2º andar da Reitoría da Universidade, Rúa da Maestranza 9, 15001 A Coruña.**

As persoas aspirantes deberán acudir provistas de DNI ou acreditación equivalente e dun bolígrafo de cor negro ou azul. Non se pode entrar ao exame con aparellos electrónicos (teléfono móbil, PDA, etc.).

As persoas convocadas deberán cumprir en todo momento o *Protocolo de adaptación á nova situación orixinada pola pandemia COVID-19 para a celebración das probas dos procesos selectivos derivados das ofertas de emprego público da Universidade da Coruña*, o cal poden consultar na sede electrónica no seguinte enlace: https://sede.udc.gal/services/electronic_board/EXP2021/001783.

Contra a presente Resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, que se contarán desde o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Previamente, e con carácter potestativo, poderase interpoñer un recurso de reposición ante esta Reitoría, no prazo dun mes, de acordo co establecido no artigo 123 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE de 2 de outubro de 2015).

A Coruña, asinado dixitalmente

O xerente
PD Reitor (RR 14.01.2020)
Ramón del Valle López

**ANEXO**

Relación definitiva de admitidos e excluídos á convocatoria de probas selectivas para o ingreso na escala técnica de grao medio, subescalas do subgrupo A2, da Universidade da Coruña, polo sistema de promoción interna.

Escala técnica de grao medio subescala Actividades culturais – subgrupo A2

DNI	Nome	Acredita galego
****625S	Castro De Paz, David	Si
****324C	Cordal Fustes, Jorge	Si

Escala técnica de grao medio subescala Calidade – subgrupo A2

DNI	Nome	Acredita galego
****426N	Fraga Mosquera, María Amelia	Si

Escala técnica de grao medio subescala Cooperación e voluntariado – subgrupo A2

DNI	Nome	Acredita galego
****021S	Rilo Pérez, Lorena	Si

Escala técnica de grao medio subescala Deseño gráfico (Unidade de Comunicacions e Medios Audiovisuais) – subgrupo A2

DNI	Nome	Acredita galego
****294S	Núñez Calo, Julia	Si

Escala técnica de grao medio subescala Secretario técnico (centros tecnolóxicos) – subgrupo A2

DNI	Nome	Acredita galego
****459B	Díaz Brañas, José Manuel	Si

Escala técnica de grao medio subescala Secretario técnico (unidade de coordinación laboratorios) – subgrupo A2

DNI	Nome	Acredita galego
****255D	Padín Viaño, María Blanca	Si